

Concello de Viveiro

EXPTE.-5686/2017

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia número 239, de 18 de outubro de 2017, da convocatoria e bases polas que se inicia o proceso e se establecen as normas para a selección de persoal para a creación de listas de emprego temporal no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia número 241, de 20 de outubro de 2017, da corrección de erros da convocatoria, bases e anexo de dito proceso.

Vista a base xeral 4.3, que sinala "(...) Lista definitiva. De existir alegacións á lista provisional aprobarase a lista definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a provisional. De non existir alegacións á lista provisional entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación..."

Vista a base xeral 9, que sinala " O Presidente do Tribunal de selección, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía. A dita proposta publicárase no Taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e na súa páxina web (www.viveiro.es)."

Tendo en conta a proposta de selección presentada polo Tribunal no que literalmente dí:

"Á vista da lista dos aspirantes seleccionados, o Tribunal para cumprimento da base xeral 9, propón a seguinte orde de aspirantes para a súa incorporación na lista de emprego para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan como docente na **EPECIALIDADE MUSICAL DE TROMPETA** ante a Alcaldía do Concello de Viveiro.

Apelidos e nome	DNI	Orde final
Martínez Méndez Jorge	76414938Z	1º
Real López Adrián	33552812K	2º
Del Río Otero Alfonso	79338454T	3º
Varela Bello Avelino J.	32844980Z	4º
Vázquez Vázquez Pablo	44094104E	5º

"

Vista a base xeral 10, que sinala "10.1. Documentación que os aspirantes seleccionados teñen que acreditar documentalmente mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais para figurar nas listas de emprego.

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

c) Declaración xurada de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsu) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados acompañada do xustificante de ter efectuado o pagamento dos dereitos para a expedición do devandito título.

e) Para axilizar o trámite dos chamamentos, todos os seleccionados facilitarán, con carácter previo á inclusión nas listas de emprego, un enderezo de correo electrónico, número de teléfono móbil ou calquera outra canle que permita unha comunicación áxil para poder convocalos, sempre que eses datos non os inclúan na solicitude de participación no proceso selectivo.

10.2. Lugar de presentación. Os devanditos documentos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro.

10.3. Prazo de presentación. O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade."

Vista a base xeral 12, que sinala "Á vista da proposta do Tribunal de selección e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder ás listas as que se optan, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo decidindo a confección de tales listas de emprego de carácter provisional."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal relativo ao procedemento selectivo para a confección das listas de emprego de carácter provisional, na **ESPECIALIDADE MUSICAL DE TROMPETA**, sendo a lista de emprego a seguinte:

Apelidos e nome	DNI	Orde final
Martínez Méndez Jorge	76414938Z	1º
Real López Adrián	33552812K	2º
Del Río Otero Alfonso	79338454T	3º
Varela Bello Avelino J.	32844980Z	4º
Vázquez Vázquez Pablo	44094104E	5º

SEGUNDO.- Publicar dita lista de emprego na **ESPECIALIDADE MUSICAL DE TROMPETA** no taboleiro de edictos do Conservatorio de Música, no Taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e na súa páxina web (www.viveiro.es).

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución ao Director do Conservatorio.

Contra a lista definitiva, os seleccionados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Viveiro

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa ,

Ante min, ós efectos do artigo 2.E do
Real Decreto 1174/1987 a Secretaria.,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147